

Compostela acollerá en xuño un encontro de Galeusca

A AELG realizou este sábado en Compostela a súa asemblea anual.

X. M. P. 01/mar./25

A federación Galeusca, integrada por asociacións de escritoras e escritores en galego, catalán e éuscaro, celebrará este ano o seu encontro na Galiza, en Compostela. Así o afirmou este sábado Cesáreo Sánchez ao remate da asemblea anual da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) en declaracións a *Nós Diario*.

A cita que reúne a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) a Euskal Idazleen Elkarte (EIE) e a Associació d'Escriptors en Llengua Catalana (AELC) será a última fin de semana de xuño e entre os temas que se tratarán querease que teña un peso relevante a literatura de tradición oral, mesmo con presenza de representantes de escolas de bertsolaris. Este ano, o Día das Letras Galegas céntrase, precisamente, nas pandereteiras, un exemplo de tradición oral.

Outra das cuestións a tratar nese foro, sinala Cesáreo Sánchez, é a necesidade de reflexionar ante as dinámicas que veñen da man da intelixencia artificial e o que iso pode representar para as literaturas en galego, catalán e euskera.

Na Asemblea da AELG, que decorreu no Museo do Pobo Galego, tamén se afondou en actividades que se desenvolven este ano, como o da escritora galega universal 2025, que recae na palestina Shahd Wadi, ou o Escritor na Súa Terra 2025, que é Xosé Manuel Beiras.

Sánchez tanén indicou que se falou do Día de Rosalía, celebrado recentemente, e da necesidade de "avanzar para dar un salto cualitativo" na súa celebración.

A respecto da exclusión da AELG pola Xunta da Galiza das conversas para o 'pacto polo galego', o presidente da asociación que representa os escritores e escritoras en galego, di que son 550 socios e socias cun traballo a prol da lingua demostrado ao longo de todos estes anos, de aí que non entendan a postura da Xunta. Cesáreo Sánchez fixo fincapé en que o decreto de plurilingüismo derivou en que unha "perda substancial" de falantes de galego e incidiu en que "se está cortando a transmisión en idades moi temperás". "Hai unha vontade de aculturación do galego, hai unha animosidade enterrada contra o galego e contra o que significa o patrimonio histórico, natural ou cultural. Estamos a tempo de reverter a situación e a manifestación do outro día demostra que teñen que cambiar, teñen que ser un pouco máis humildes e menos soberbios ao achegarse ao galego", esgrimiou.

O programa da AELG para 2025 aposta por continuar con actividades de traxectoria xa asentada e de alcance social como son os paseos literarios ou os obradoiros da Escola de Escritoras e Escritores da AELG; tamén a organización ou coorganización de xornadas de formación dirixidas

ao estudo das diferentes formas de crear literatura contemporánea desde os espazos de formación de novos/as formadores-as/educadores-as/mediadores-as da lectura.

Tamén se reforza o proxecto coordinado pola Sección de Literatura de Tradición Oral coa celebración dunha nova Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria e a través da celebración doutra polafía e, no outono, dunha nova edición, a número dezaioito, da Xornada de Literatura de Tradición Oral.

Tamén no outono terá lugar unha nova edición das Xornadas da Sección de Literatura Dramática.

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) é a entidade oficial que reúne máis de 550 escritores e escritoras da literatura galega en todas as súas manifestacións: poesía, narrativa, teatro, ensaio, escrita científica, traducións...

Foi fundada no ano 1980 por algúns dos escritores e escritoras máis importantes da nosa historia literaria e dela foron membros, entre outros e outras, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Ánxel Fole, Ricardo Carvalho Calero, Uxío Novoneyra, Antón Avilés de Taramancos, Manuel María, Xela Arias e Luisa Villalta.

A AELG é un dos órganos constituídos pola Academia Sueca con competencia oficial para presentar candidatura aos Premios Nobel. Forma parte do European Writers' Council.

A AELG agrupa autores e autoras residentes tanto en Galiza canto fóra dela, asumindo como único requisito de afiliación a condición de contar cando menos cun libro individual publicado en lingua galega.